



4354 10.04.2013 09:59



**Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do
 CONCELLO DE VEDRA**
 Avda. Maestro Manuel Gómez, 1
 15885 – VEDRA

CLAVE: DH.V15.227/11587
ASUNTO: RESOLUCIÓN EN RELACIÓN COA AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS DEPURADAS AO RÍO ULLA (CUNCA DO RÍO ULLA) PROCEDENTES DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS DE PONTEULLA (T.M. VEDRA)
TITULAR: CONCELLO DE VEDRA
C.I.F.: P-15.090.00-D

Antecedentes

1. O CONCELLO DE VEDRA, é titular da infraestrutura denominada EDAR de Ponteulla. Segundo a disposición adicional décimo segunda da Lei 9/2010, de 4 de novembro de augas de Galicia, enténdese que contan con autorización administrativa os vertidos de augas residuais municipais de natureza urbana ou doméstica, producidas no ámbito territorial previsto no artigo 6º.1 a) da lei e tamén as producidas desde terra ao litoral galego, que se integren na programación de actuacións de saneamento da Administración hidráulica de Galicia; todo isto sen prexuízo de que Augas de Galicia, logo de audiencia das correspondentes entidades locais, dite as condicións nas que se deban realizar as mencionadas verteduras.
2. A estación depuradora de augas residuais de Ponteulla, de acordo co artigo 32.1 da Lei 9/2010 de augas de Galicia, está integrada na *programación de actuacións de saneamento da Administración hidráulica de Galicia*.
3. Con data 25/01/1988 ten entrada na administración solicitude de autorización para o vertido de augas residuais urbanas depuradas ao río Ulla (cunca do río Ulla) procedentes da EDAR de Ponteulla.
4. Segundo consta no expediente, as obras da EDAR referida no asunto, foron entregadas formalmente ao Concello de Vedra con data 21/07/2004.
5. A Área de Calidade das Augas emite informe en data 22/01/2013, baseado nos seguintes termos:

- "(...) VALORACIÓN DO MEDIO RECEPTOR

(...) o punto de vertido sitúase nun tramo do río Ulla que segundo a valoración do Plan Hidrolóxico de Galicia Costa (PHGC), **non acada o bo estado segundo o elemento biolóxico macroinvertebrados.**



No Plan Hidrológico de Galicia-Costa defínense unha serie de zonas de protección para as que, entre outras esixencias, se establece que as augas residuais deben afectalas o mínimo posible. En relación con isto, augas abaixo do punto de vertido pódese atopar que:

- o *No entorno máis inmediato do punto de vertido, existen captacións para abastecemento pero procedentes de augas subterráneas.*
- o *Este tramo de río Ulla está considerado zona de interese piscícola.*
- o *Este tramo esta dentro do LIC denominado "Sistema fluvial Ulla-Deza" (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais).*

- CONSIDERACIÓNS DA ÁREA DE CALIDADE DAS AUGAS

- Considerase pouco probable a afección directa ás captacións de abastecemento á poboación, por ser estas captacións de orixe subterráneo.

- Valoración das analíticas presentadas:

- o *Resultados da toma de mostra do efluente da EDAR en data 27/04/2010: os parámetros DBO, DQO e sólidos en suspensión están dentro da normalidade dun auga residual depurada. Sen embargo, o valor de pH (4.9 uds de pH) está moi por debaixo do rango de vertido (6-9 uds de pH), e os valores de nitróxeno total, fósforo total e de Escherichia Coli superan os establecidos no cadro de parámetros de deseño da EDAR.*
- o *Resultados da toma de mostra do efluente da EDAR en data 24/11/2010: os parámetros DBO, DQO e sólidos en suspensión están dentro da normalidade dun auga residual depurada. Non se presentan resultados de pH, nitróxeno total, fósforo total e Escherichia Coli.*

- Deberase evitar a afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor, polo que se deberán cumprir os obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental establecidas na seguinte lexislación: Plan Hidrológico de Galicia Costa aprobado polo Real decreto 1332/2012 de 14 de setembro.

- Os parámetros a controlar no medio receptor serán os establecidos na autorización de vertidos para poder ver a afección ao mesmo."

6. Por parte da Área de Vertidos, e segundo o disposto no artigo 247 do Regulamento de dominio público hidráulico, emitiuse informe favorable nesta data á tramitación da autorización de vertidos de augas residuais urbanas depuradas ao río Ulla (cunca do río Ulla) procedentes da EDAR de Ponteulla.
7. Con data 15/02/2013 notificaselle ao Concello de Vedra proposta de resolución de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas ao río Ulla (cunca do río Ulla) procedentes da EDAR de Ponteulla (t.m. Vedra), emitida en data 12/02/2013, sen que a data de hoxe presentara alegacións ao respecto.



Fundamentos de dereito

Primeiro

A actividade obxecto do presente expediente é obxecto de autorización nos termos establecidos na disposición adicional décimo segunda da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. Polo tanto, procede, en aplicación dese mesmo precepto legal, que Augas de Galicia determine, dite e impoña as condicións necesarias de vertido que debe cumprir a EDAR de Ponteulla.

Segundo

Na tramitación do presente expediente tivéronse en conta as normas de procedemento e as normas materiais contidas no texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001; no Regulamento do dominio público hidráulico; no Real decreto 509/1996, de 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto-lei 11/1995, de 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas; na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e demais normativa vixente de aplicación.

Informe da Área de Vertidos

A) Competencia

A entidade pública empresarial Augas de Galicia é competente para a tramitación e resolución do presente expediente, segundo o disposto no artigo 4 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, e o Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

B) Informe técnico

Examinados os antecedentes que obran no expediente e considerando que cunha correcta xestión por parte do titular do vertido das medidas de depuración propostas, a realización do vertido ao dominio público debería ser compatible cos obxectivos de calidade do medio receptor e cos dereitos de terceiros; o que subscribe informa favorablemente ao vertido de augas residuais urbanas depuradas na EDAR de Ponteulla, deseñada para 2.000 habitantes equivalentes, ao río Ulla (cunca do río Ulla), procedentes do saneamento da aglomeración urbana de Vedra (t.m. Vedra).

Conclusión e resolución

Por todo isto, visto o expediente, as disposicións legais citadas e demais de aplicación, Augas de Galicia **RESOLVE**:

Outorgar ao Concello de Vedra autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas ao río Ulla (cunca do río Ulla) procedentes da EDAR de Ponteulla (t.m. Vedra); baixo o seguinte condicionado:



1ª. PROXECTO TÉCNICO: As obras axustaranse aos proxectos redactados pola administración hidráulica (CLAVE: OH.315.396) e demais documentación obrante no presente expediente de autorización de vertido.

2ª. CAUDAL DE VERTIDO: Os caudais de vertido das augas residuais urbanas depuradas ao río Ulla (cunca do río Ulla) procedentes da EDAR de Ponteulla son os seguintes:

- Caudal medio: 25 m³/h (290.000 m³/ano)
- Caudal máximo: 58 m³/h (508.080 m³/ano)

3ª. PUNTO DE VERTIDO: As coordenadas UTM do punto de vertido das augas residuais depuradas ao río Ulla (cunca do río Ulla) procedentes da EDAR de Ponteulla son as seguintes: X=548.808; Y=4.736.004

4ª. TRATAMENTO DAS AUGAS RESIDUAIS: As augas residuais urbanas son tratadas nunha estación depuradora deseñada para 2.000 habitantes equivalentes que conta cos seguintes dispositivos:

Liña de auga

- Pretratamento constituído por:
 - Arqueta receptora de dimensións 2 x 0,65 x 0,8 m con reixa de separación de grosos.
 - Desbaste con reixa automática de grosos de 12 mm de luz de paso e rototamiz autolimpiante de finos con luz de paso de 1 mm.
 - Desarenador-desengrasador en canal aireado de 12,5 m³ de capacidade.
- Medidor caudal.
- Tratamento biolóxico
 - Reactor biolóxico de lodos activos de moi baixa carga con aireación prolongada, tipo carrusel de dous canais, de 900 m³ de capacidade útil.
 - Decantador lamelar estático de 140 m³ de capacidade útil e dimensións 4 x 7 x 5 m, con fondo troncopiramidal e recirculación de lodos.

Posteriormente, as augas residuais urbanas depuradas son vertidas, previo paso por unha arqueta de toma de mostras, ao río Ulla (cunca do río Ulla) a través dunha condución de 250 mm de diámetro e 100 m de lonxitude.

Liña de lodos

- Espesador de lodos por gravidade de dimensións 2,25 x 2,25 x 5 m con fondo troncocónico e 25 m³ de capacidade.
- Deshidratación de lodos mediante centrífuga.

5ª. CALIDADE E CONTROL DO VERTIDO: De acordo co proxecto presentado e de acordo co Real decreto-lei 11/1995, de 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas; os límites dos parámetros de vertido ou a porcentaxe mínima da súa redución, asemade a frecuencia mínima coa que se controlarán nun dispositivo existente á saída do sistema de depuración e antes do seu vertido ao río Ulla, serán os que se reflicten na seguinte táboa:



<u>PARÁMETROS</u>	<u>LÍMITE</u>	<u>PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCCIÓN</u>	<u>PERIODICIDADE</u>
DBO ₅	25 mg/l	70-90 %	- MENSUAL durante o primeiro ano. - TRIMESTRAL ⁽¹⁾ nos anos seguintes.
DQO _{total}	125 mg/l	75 %	
Sólidos en suspensión	35 mg/l	90 %	

⁽¹⁾ O control realizarase cunha frecuencia trimestral sempre que se poida demostrar que as analíticas anteriores cumpren os límites ou rendementos da presente autorización.
 - Se a mostra trimestral resultara non conforme, tomaranse 12 mostras mensuais no ano seguinte.

Os criterios a aplicar para as anteriores limitacións e para o seu control serán os especificados no anexo I.

Os límites máximos permitidos para o resto de parámetros serán os especificados na lexislación vixente en cada momento, e especialmente teranse en conta as prescricións relativas a substancias perigosas contidas no Real decreto 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas.

As análises realizaranse sobre unha mostra composta durante un período de 24 horas; no caso de verterse durante un período inferior ás 24 horas, realizarase a mostraxe composta durante o total do período de vertido; garantindo a representatividade dos resultados que se obteñan.

Os resultados destes controis remitiranse a **Augas de Galicia, MENSUALMENTE** (durante o primeiro ano) e **TRIMESTRALMENTE** (nos seguintes), de acordo co establecido na periodicidade indicada na táboa anterior e sempre antes da finalización do mes seguinte ao da realización da mostraxe.

Asemade, realizarase un control en continuo do caudal de vertido, do que se remitirá o valor medio diario a incorporar no informe mensual (durante o primeiro ano) e trimestral (nos seguintes).

Todas as mostraxes e análises correspondentes ao control do vertido deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (ECA).

Tal e como se recolle no artigo 245.5 b) do Regulamento de dominio público hidráulico, en ningún caso o cumprimento dos valores límite de emisión establecidos poderá alcanzarse mediante técnicas de dilución.

Augas de Galicia resérvase a facultade de modificar os límites impostos ao vertido e a de esixir ao autorizado a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para a súa adecuación ás esixencias do Plan hidrolóxico da cunca e outras disposicións legais ou regulamentarias, sen que isto dea lugar a indemnización ao autorizado.



Se a práctica demostrase que a xestión realizada é insuficiente pola calidade do vertido en relación cos límites fixados nesta autorización e/ou na lexislación vixente, así como pola calidade do medio receptor no caso de que se demostre que o vertido obxecto desta autorización é determinante do incumprimento dos obxectivos de calidade do medio receptor; o titular deberá, previa autorización correspondente, executar as obras e instalacións necesarias para axustar o vertido ás características autorizadas. Neste senso, Augas de Galicia poderá esixir ao autorizado a instalación de tratamentos complementarios e calquera outra mellora nas instalacións que resulte axeitada para acadar os límites impostos ou outros que se poidan impoñer, determinando os prazos correspondentes.

6ª. CALIDADE E CONTROL DO MEDIO RECEPTOR: Deberase evitar a afección incompatible co mantemento das condicións e usos do medio receptor. Con independencia dos límites establecidos, os obxectivos de calidade da auga son os establecidos no Plan Hidrolóxico para a demarcación hidrográfica Galicia-Costa. No caso de que se demostre que o vertido é determinante no incumprimento dos obxectivos de calidade do medio receptor establecidos no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, poderanse revisar as condicionantes da autorización outorgada.

Realizarase un **control do medio receptor** do vertido (río Ulla) nos seguintes puntos, considerando os parámetros e a periodicidade que se reflicten na seguinte táboa:

CONTROL DO MEDIO RECEPTOR ⁽¹⁾		
PUNTOS DE MOSTRAXE	PARÁMETROS A ANALIZAR (en cada un dos puntos)	PERIODICIDADE
1. 50 m augas arriba do punto de vertido ao río Ulla 2. 50 m augas abaixo do punto de vertido ao río Ulla	pH Osíxeno disolto DBO ₅ Sólidos en suspensión Amonio ⁽²⁾ Nitrato ⁽²⁾ Fósforo total ⁽²⁾ Fosfatos ⁽²⁾ Coliformes totais ⁽³⁾ Coliformes fecais ⁽³⁾ Estreptococos fecais ⁽³⁾ E. Coli ⁽³⁾	SEMESTRAL
<p>⁽¹⁾ O control do medio receptor deberá coincidir cun dos controis mensuais do vertido. ⁽²⁾ No caso de incumprirse os obxectivos de calidade do medio receptor establecidos no Plan hidrolóxico de Galicia-Costa, Augas de Galicia poderá esixir ao autorizado a instalación de tratamentos complementarios e/ou calquera outra mellora nas instalacións de depuración que resulte axeitada para acadar os devanditos obxectivos de calidade. ⁽³⁾ Non se analizarán estes parámetros sempre e cando quede acreditado a non existencia de zonas de baño en 100 m. augas abaixo do punto de vertido.</p>		

SEMESTRALMENTE remitirase a Augas de Galicia un estudio que inclúa as análises realizadas no medio receptor.

Asemade, **ANUALMENTE** realizarase un informe no que se inclúan os resultados analíticos das mostraxes realizadas semestralmente no medio receptor así como unha avaliación dos



efectos do vertido e do grao de mantemento dunhas condicións mínimas para o desenvolvemento da fauna acuática, o cal deberá ser remitido **ANUALMENTE a Augas de Galicia**, sempre dentro do primeiro trimestre posterior á última análise realizada.

Todas as mostraxes e análises correspondentes aos controis do medio receptor deberán realizarse por medio dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica (ECA).

7ª. DISPOSITIVOS DE CONTROL DO VERTIDO E DO MEDIO RECEPTOR: Á saída da estación depuradora e previo ao vertido ao río Ulla (cunca do río Ulla) das augas residuais depuradas disporase dun dispositivo para o control do vertido, que deberá reunir as características necesarias para obter mostras representativas do vertido e comprobar o rendemento das instalacións de depuración. A arqueta deberá ter acceso directo para a súa inspección por parte do persoal de Augas de Galicia.

Deberá existir un libro de rexistro a disposición da administración, no que se anotarán:

- Resultados analíticos das tomas de mostras.
- Incidencias acontecidas na operación que poidan influír nas condicións de operación e tratamento de augas, na calidade dos vertidos ou na calidade do medio receptor.

Calquera incidente será comunicado no momento de producirse, por escrito, a Augas de Galicia.

Así mesmo, o titular designará un responsable técnico, con titulación axeitada, das instalacións de depuración, o que deberá ser comunicado a Augas de Galicia.

8ª. INSPECCIÓN DO VERTIDO: Augas de Galicia poderá efectuar, cando o estime oportuno, análises de comprobación da calidade dos vertidos para cotexar que se cumpren as condicións expostas nesta autorización.

9ª. RESPONSABILIDADES DO SOLICITANTE: O CONCELLO DE VEDRA velará polo cumprimento dos requirimentos establecidos nas letras c), d) e e) do artigo 32.2 da Lei de Augas de Galicia. A autorización non exime ao titular do vertido que se autoriza da posible responsabilidade civil, penal ou administrativa polos danos que poida causar o vertido en cultivos, animais, fauna piscícola, persoas ou bens.

10ª. VERTIDOS ACCIDENTAIS: No caso de que accidentalmente se produza un vertido en condicións non autorizadas, deberase acreditar ante Augas de Galicia que se adoptaron as medidas axeitadas para emendar as causas que o motivaron.

11ª. XESTIÓN DOS RESIDUOS: Os lodos, graxas, residuos sólidos e semisólidos xerados na estación depuradora serán retirados por un xestor de residuos autorizado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Neste caso, deberanse enviar a Augas de Galicia copia dos partes de recollida onde se indicará a data, a cantidade de residuos, as súas características e o seu destino. Estes partes de recollida de residuos serán remitidos anualmente a Augas de Galicia, dentro do estudo do plan de vixilancia ambiental.



Os devanditos residuos serán sometidos ao tratamento procedente, quedando expresamente prohibido o seu depósito en zonas onde poidan contaminar as augas.

Augas de Galicia poderá requirir ao titular da autorización, en calquera momento, copia dos partes de recollida de residuos emitidos polo xestor autorizado.

No caso de que os lodos procedentes da estación depuradora pretendan destinarse, previo tratamento, á aplicación en solos agrarios, deberase cumprir co disposto no Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario da Comunidade Autónoma de Galicia.

12ª. VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN: O prazo de vixencia da presente autorización fíxase en CINCO (5) ANOS contados a partir da desta, entendéndose prorrogada se non existe resolución previa en contra, que deberá ser comunicada cunha antelación de TRES (3) MESES e sempre que se manteñan as características do vertido e as do medio receptor.

13ª. PREXUIZO DE TERCEIROS: A autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, coa obriga de conservar ou restituír as servidumes legais existentes.

14ª. LICENCIAS OU PERMISOS ADICIONAIS: O outorgamento desta autorización non exime ao seu titular da obtención das licencias, permisos e autorizacións legalmente pertinentes.

15ª. REVOGACIÓN: A autorización poderá ser revogada de acordo co establecido nos artigos 263 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico.

16ª. INFORMACIÓN SOBRE SUSTANCIAS PERIGOSAS: O titular deberá presentar ante Augas de Galicia, nun prazo de DEZ (10) DÍAS a contar dende o día seguinte ao da notificación da correspondente resolución de autorización de vertido, información sobre a existencia ou inexistencia de vertidos de sustancias perigosas nos seus colectores.

Ademais, esta información sobre sustancias perigosas deberá repetirse cunha periodicidade anual, tal e como esixe o artigo 251.3.a) do Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

17ª. MODIFICACIÓNS DA RESOLUCIÓN: O proxecto da EDAR de Ponteulla atópase integrado dentro das actuacións do Plan galego de saneamento a desenvolver por Augas de Galicia. No caso de que a Administración hidráulica de Galicia ou o propio Concello interesado levaran a cabo novas actuacións de saneamento sobre a zona afectada pola EDAR de Ponteulla (ampliación da rede, substitución das instalacións existentes, etc), deberase comunicar esta circunstancia por escrito á unidade competente en materia de vertidos de Augas de Galicia aos efectos de proceder, no seu caso, á modificación dos termos da resolución.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor RECURSO DE ALZADA ante o Presidente de Augas de Galicia, no prazo DUN (1) MES, a contar dende o



día seguinte á súa notificación, de conformidade cos artigos 114 e 115 da Lei 30/1.992, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2013

O xefe da Área de vertidos, e.f.



A circular blue stamp of the Xunta de Galicia, specifically the Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, is visible behind the signature.

Francisco Julio Gutiérrez García

Conforme

A subdirectora xeral de Xestión
do Dominio Público Hidráulico



A circular blue stamp of the Xunta de Galicia, specifically the Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico, is visible behind the signature.

Pilar Ibeas Rollán

Resolvo

O director de Augas de Galicia



A circular blue stamp of the Xunta de Galicia, specifically the Dirección de Augas de Galicia, is visible behind the signature.

Francisco Menéndez Iglesias



ANEXO I

Requisitos para os vertidos procedentes de instalacións de tratamento de augas residuais urbanas. Aplicarase o valor de concentración ou a porcentaxe mínima de redución.

<u>PARÁMETROS</u>	<u>CONCENTRACIÓN</u>	<u>PORCENTAXE MÍNIMA DE REDUCCIÓN (1)</u>	<u>MÉTODO DE MEDIDA DE REFERENCIA</u>
Demanda bioquímica de osíxeno (DBO ₅ a 20 ° C) sen nitrificación (2)	25 mg/l O ₂	70-90	Mostra homoxeneizada, sen filtrar nin decantar. Determinación do osíxeno disolto antes e despois de cinco días de incubación a 20 ° C ± 1 ° C, en completa escuridade. Aplicación dun inhibidor da nitrificación.
Demanda química de osíxeno (DQO)	125 mg/l O ₂	75	Mostra homoxeneizada, sen filtrar nin decantar. Dicromato potásico.
Total de sólidos en suspensión	35 mg/l (3)	90 (3)	Filtración dunha mostra representativa a través dunha membrana de filtración de 0,45 micras. Secado a 105 ° C e pesaxe. Centrifugación dunha mostra representativa (durante cinco minutos como mínimo, cunha aceleración media de 2.800 a 3.200 g), secado a 105 ° C e pesaxe.

(1) Redución relacionada coa carga do caudal de entrada.

(2) Este parámetro pode substituírse por outro: carbono orgánico total (COT) ou demanda total de osíxeno (DTO), se pode establecerse unha correlación entre DBO₅ e o parámetro substituto.

(3) Este requisito é optativo.

As análises de vertidos procedentes de sistemas de depuración por lagunaxe, levaranse a cabo sobre mostras filtradas; nembargante, a concentración de sólidos totais en suspensión nas mostras de augas sen filtrar non deberá superar os 150 mg/l.